

Recollida de sinaturas para a Mellora da Calidade nas Escolas Deportivas Municipais(EDM) do Concello da Coruña.

Á atención da Concellaria de Deportes do Concello da Coruña:

As persoas abaixo asinantes (usuarios/as e traballadores/as das escolas deportivas municipais), manifestamos a nosa preocupación pola actual calidade e funcionamento das EDM do Concello da Coruña.

Aínda que valoramos a existencia deste servizo publico esencial, consideramos imprescindible unha actuación urxente e decidida para garantir que as actividades deportivas ofrecidas cumpran cos estándares de calidade que a nosa cidadanía merece,tanto para os usuarios como para os profesionais que as fan posibles.

Demandas sobre Instalacións,Material e Uso

Esiximos unha mellora inmediata e un investimento sostido nos seguintes aspectos relacionados coa infraestrutura e os recursos materiais:

1. Estado e Mantemento de Instalacións:

- Revisión, reparación e adecuación de todas as instalacións deportivas (pistas, pavillóns, piscina, vestiarios, zonas comúns) para garantir a súa seguridade , salubridade e funcionalidade, cumprindo coa normativa vixente.
- Implementación dun plan de mantemento preventivo regular e eficiente.

2. Dotación e Renovación de Material:

- Renovación e adquisición de material deportivo adecuado, suficiente e homologado para a práctica segura e de calidade de cada disciplina.
- Garantir que o material leste en perfecto estado de uso e almacenado correctamente.

3. Uso e Distribución Equitativa de Espazos:

- Optimización e priorización dos horarios e distribución das instalacións para os usuarios das Escolas Deportivas Municipais, asegurando espazos suficientes e adecuados ás cocientes e ao nivel da actividade.
- Transparencia na xestión da cesión e uso dos espazos, priorizando o interese formativo e deportivo das escolas municipais.

Demandas sobre Condicións Laborais e Salariais do Persoal

Reivindicamos a dignificación e o recoñecemento do labor esencial dos/as profesores/as e traballadores/as das EDM, xa que o seu benestar laboral é directamente proporcional á calidade do ensino e o bo funcionamento organizativo e administrativo do servizo:

1. Mellora Salarial:

- Revisión e actualización das táboas salariais para establecer retribucións xustas e acordes á formación, experiencia e responsabilidade dos profesionais, equiparándoas ás doutros servizos municipais ou do sector.

2. Condicións laborais Dignas:

- Garantir contratos estables e a xornada completa evitando a parcialidade e desigualdade de condicións entre todo o persoal traballador así como certificar a igualdade nos soldos percibidos polos mesmos.
- Asegurar o cumprimento estrito do convenio colectivo aplicable en materia de horarios, descansos, desprazamentos, vacacións e prevención de riscos laborais.

3. Recursos:

- Proporcionar os recursos administrativos e de apoio necesarios para o correcto desenvolvemento do servizo como das funcións de todos os traballadores/as.
- Facilitar o acceso dos traballadore/as ás instalacións municipais onde se realizan actividades das diferentes disciplinas das EDM para garantir o bo funcionamento do servizo e evitar posibles prexuízos e esperas que incidan directamente no funcionamento das actividades impartidas.

Conclusión: Cremos firmemente que investir nestas melloras é investir na saúde, a educación en valores e o futuro da nosa mocidade e na mellora do benestar dos nosos maiores e de todos os usuarios/as do servizo. Por todo iso, solicitamos aos responsables do concello da Coruña sobre estes temas que atenda estas xustas demandas, inicie un diálogo construtivo cos representantes legais dos traballadores/as e se comprometa a establecer un plan de acción con dotación orzamentaria clara e prazos definidos para a resolución dos problemas expostos.

Nº	Nome e Apelidos	DNI/NIE	Teléfono ou Email	Sinatura
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				
21				
22				
23				
24				
25				
26				
27				
28				
29				
30				